

ct

# Pequenos actos pseudorrevolucionarios

que non serven para cambiar o mundo pero fan que quedemos máis tranquilos

de  
Santiago Cortegoso

*(fragmento en galego)*

Pequenos ACTOS PSEUDORREVOLUCIONARIOS que non serven para cambiar o mundo pero fan que quedemos máis tranquilos  
foi estreada no Teatro Ensalle de Vigo o 30 de novembro de 2012, co seguinte reparto:

ELA Marián Bañobre  
EL Santiago Cortegoso

e a seguinte FICHA ARTÍSTICA:

Movemento escénico	Carmela Bueno
Deseño de iluminación	Salvador del Río
Técnico de luz e son	Héctor Pazos
Imaxe	Diego Seixo
Deseño de vestuario	Marián Bañobre
Realización de vestuario	Raquel Martínez e Maruja González
Cobertura técnica	Ningures Producción
Realización Vídeo	José V. Estonllo
Producción	Ibuprofeno Teatro
Dirección	Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

## Preludio

*O piso e o fondo do escenario son brancos. Só hai, no proscenio, unha longa fileira de bonecos de xoguete moi pequenos (cliks), que o espectador non distingue a simple vista. En cada extremo, un caldeiriño de plástico, deses nos que os nenos recollen os xoguetes. No medio do escuro, os actores aparecen iluminando o seu paso cunha lanterna. Cunha cámara de vídeo, fan un "travelling" por todos os cliks, que se ven moi amplificados na pantalla do fondo. Ao rematar quedan dous desles enfocados. Pausa.*

*Nun círculo de luz, aparecen EL e ELA vestidos e caracterizados exactamente igual que os cliks da pantalla, unha fasquía que conservarán durante toda a función. Soan sirenas de policía e a continuación "God save the Queen", dos Sex pistols. EL e ELA saen de escena a correr.*

## 1. Corre

*EL e ELA cruzan o escenario con pasamontañas na cabeza e portando un enorme Papa Noel da iluminación pública de Nadal.*

ELA  
Corre.

EL  
Non podo.

ELA  
Corre.

EL  
Dóeme.

ELA  
Corre, hostia.

EL  
Para, para.

ELA  
Aguanta un pouco.

EL  
Non podo.

ELA  
Non podemos parar aquí.

EL  
Teño que sacar isto.

ELA  
Que nos pillan.

EL  
Que nos pillen.

ELA  
Es parvo ou que?

EL  
É que non podo máis.

ELA  
Que tes?

EL  
Que me doe a cara.

ELA  
Non podemos quedar aquí parados con isto.

EL  
Pois tirámolo.

ELA  
Non.

EL  
Rompémolo.

ELA  
Non vale de nada rompelo.

EL  
Por que?

ELA  
Apura.

*Saen.*

## 2. Onde os metemos?

*Entran sen pasamontañas. EL trae un Monopoly na man.*

EL

E agora onde os metemos?

ELA

Hostia, que ben me sinto!

EL

Temos que buscar outro banco.

ELA

Diso nada. *(Quítalle o Monopoly. Cos billetes de cores irá facendo un círculo arredor de si).*

EL

Entón?

ELA

Gardámoslos no colchón.

EL

Ou na viga, se che parece.

ELA

Ou nun porquiño.

EL

Como?

ELA

Ti non tiñas de pequeno un porquiño deses brancos con trevos verdes para aforrar?

EL

Non.

ELA

Pois eu si.

EL

Eu teño que ter unha conta operativa para que me ingresen o paro.

ELA  
Que cho dean na man.

EL  
Non se pode.

ELA  
Preguntáchelo?

EL  
Como o vou preguntar?

ELA  
Pregúntao.

EL  
Iso é unha "fricada".

ELA  
"Fricada" é pagar 15 euros cada seis meses por nada.

EL  
E dálle cos 15 euros.

ELA  
Claro, como ti tes paro...

EL  
Como imos pagar o aluguer e os recibos?

ELA  
Xa veremos se os pagamos.

EL  
Como?

ELA  
Ai! Dáme un bico.

EL  
Pero queres aterrar dunha vez? Sabes o cristo que acabas de montar?

ELA  
Que lles dean.

EL  
Eles non teñen a culpa.

ELA  
Que non?

EL  
Son currantes, din o que lles mandan.

ELA  
Pero o tipo ben que dixo que tiña que defender o seu posto de traballo.

EL  
É que o poden despedir. El que vai facer?

ELA  
Non ten que defender o seu posto de traballo diante miña. Eu non o contratei.

EL  
Que lles chamases usureiros, vale; pero que agarrases o director da sucursal polos collóns...

ELA  
Como non o ía agarrar? Quería cobrarnos 30 euros por cancelar a conta.

EL  
Son as normas.

ELA  
Ese pavo debe cobrar uns 3.000 euros ao mes, o seu xefe supremo 900.000 ao ano, saíu na prensa. Cando vou protestar porque me "chulean" 15 euros cada seis meses vénme con vitimismo. Cando lle digo que sacamos todo de alí ponse en plan fillo de puta. E ti dálle a razón?

EL  
Eu non lle dou a razón.

ELA  
Por certo, tíñaos ben grandes.

EL  
O que?

ELA  
Os collóns.

EL  
Hostia.

ELA  
Bastante máis grandes ca os teus.

EL  
Que queres dicir?

ELA  
Que estabas alí cagado. Iso é o que che quero dicir.

EL  
As cousas non se fan así.

ELA  
Grávame.

*ELA dálle a cámara. EL grávaa deitada no medio dos billetes; vese proxectada no fondo.*

ELA  
Que me denunciem, que veña a policía, que me metan no cárcere, que me torturen como en Guantánamo, que me condenen a vivir debaixo dunha ponte, pero non penso meter os cartos nun banco nunca máis. *(Fai un corte de manga. Para a proxección)* Non temos champaña?

EL  
O que?

ELA  
Ou cava.

EL  
Ti sabes canto vale unha botella?

ELA  
Non, ata hoxe nunca tivera un motivo para celebrar nada.

EL  
Non che parece que o estás tomando un pouco á tremenda?

ELA  
Temos algo para brindar si ou non?

EL  
Igual hai sidra "El Gaitero".

ELA  
Pois sácaa.

EL  
A ver se non está caducada.

ELA

Tanto ten. E dúas copas. Síntome unha muller nova. Non sabes como me subiu a autoestima. Mira que liviá estou, ata podoo bailar ballet.

EL

Ti o que estás é pasando un trastorno transitorio. (*Abre a sidra que colleu do seu caldeiro e sérvea en dous vasiños de cores de xoguete*).

ELA

Imos brindar.

EL

Aínda non sei por que.

ELA

Pola liberación.

EL

De que?

ELA

Da ditadura dos banqueiros e dos mercados.

*Brindan e beben no centro do círculo de billetes. A música e o cambio de luz lévanos a transformarse e a bailar como se fosen dous cliks.*

### 3. Poesía

*EL mete no lado oposto do escenario unha gran máquina, unha cinta de correr, como as que hai nos ximnasios. Ponse enriba como se fose un mostrador.*

ELA

Ola.

EL

Ola.

ELA

Quería un orzamento.

EL

Moi ben. Ti dirás.

ELA

Tes pintura rosa?

EL

Teño de todas as cores.

ELA

Vale.

EL

A rosa hai que facela.

ELA

Como?

EL

Tes que mercar a base branca e logo mesturala cunha tintura.

ELA

Xa.

EL

Podémolo facer aquí. Ou lévala e falo na casa, como queiras. Para interior ou exterior?

ELA

Como?

EL

Se vas pintar dentro da casa ou fóra.

ELA

Fóra, fóra. Exterior, claro.

EL

Que rosa queres, claro ou escuro?

ELA

Forte, intenso.

EL

Este, por exemplo? (*Móstralle unha especie de aro enroscado de xoguete con moitas cores*).

ELA

Este está ben; non o hai máis brillante?

EL

Este, pero é máis claro.

ELA

Calquera dos dous. Este quizais.

EL  
Este? Segura?

ELA  
Si. Está ben.

EL  
Canta necesitas?

ELA  
Moita.

EL  
Cantos quilos?

ELA  
Moitos. Non sei exactamente.

EL  
Sabes a superficie?

ELA  
O que?

EL  
O que mide a superficie das paredes que vas pintar, en metros cadrados.

ELA  
Non sei.

EL  
Se me dis máis ou menos, pódome facer un cálculo.

ELA  
Non sei... A ver... Cantos ten este edificio?

EL  
Bótalle sobre mil metros cadrados.

ELA  
Multiplícao por 25.

EL  
Carallo.

ELA  
Si.

EL  
Tes un camión?

ELA  
Non.

EL  
De que empresa es?

ELA  
Como?

EL  
En que empresa traballas?

ELA  
En ningunha.

EL  
Non?

ELA  
Non, son unha particular.

EL  
E vas pintar ti soa todo iso?

ELA  
Se puidese.

EL  
Hai empresas que fan estes traballos moi baratos.

ELA  
Xa, pero este non o pode facer unha empresa.

EL  
Axudarache alguén.

ELA  
Que remedio. Terei que chamar algúns amigos.

EL  
Vanche facer falta.

ELA  
De momento só necesito un orzamento, para facerme unha idea. Logo xa verei como organizo todo.

EL

Xa. Ti pintaches algunha vez?

ELA

Estudei Belas Artes.

EL

Ah! Entón é para algo artístico ou así?

ELA

Eu máis ben diría que é poesía.

EL

Poesía?

*Soa "Revolution", de The Beatles.*

*EL tomba a máquina de correr, de xeito que a cinta queda cara ao público.*

*ELA pon a cámara diante da cinta.*